



PLAN DIXITAL

EEI do Rial

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1.

1.1. Datos básicos do centro

A Escola de Educación Infantil do Rial está situada na parroquia de Laraño, no concello de Santiago de Compostela. Os datos principais do centro son os seguintes:

- **Enderezo:** Rúa do Rial S/N. CP: 15896- LARAÑO- SANTIAGO DE COMPOSTELA- A CORUÑA.
- **Teléfono e fax:** 981 524165.
- **Páxina web:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/eeirial/>
- **Correo electrónico:** eei.rial@edu.xunta.es
- **Nº código de centro:** 15016221.
- **Centro ao que está adscrita:** CEIP DE ROXOS.
- **Niveis educativos que imparte:** 2º ciclo de Educación Infantil.
- **Nº de alumnado matriculado no curso 2021/2022:** 14 alumnos e alumnas.
- **Nº de profesorado:** 3 docentes: a mestra responsable da escola, e as mestras itinerantes de Relixión Católica e Lingua Estranxeira (inglés).

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS E CULTURAIS DO CONTEXTO

O alumnado que asiste á EEI do Rial (Laraño), é da propia parroquia de Laraño, pero tamén de parroquias próximas como Vidán ou Roxos, tamén do concello de Santiago, ou Bertamiráns, do concello de Ames.

O sector económico máis representativo das familias é o sector terciario. Os pais dos alumnos/as adócanse a profesións relacionadas co sector terciario (como servizos públicos- educación e sanidade- e administración pública). A maioría dos pais e nais teñen emprego fixo. En canto ao tipo de vivenda, a maioría dos alumnos habitan en vivendas unifamiliares situadas en urbanizacións ou en pisos situados en edificios.

A situación cultural das familias, en xeral, é media-alta, xa que o nivel de estudos da maior parte dos pais son de nivel superior (estudios universitarios).

En definitiva, trátase dunha zona de desenvolvemento sociocultural medio, o que repercute na motivación e o interese polo estudo e o saber do alumnado e das súas familias. Así mesmo, a convivencia entre os diferentes sectores da comunidade educativa é boa. Non hai casos de marxinação social, nin alumnos/as doutras etnias, nin baixo o sistema de protección de menores, nin alumnos/as de familias desarraigadas. A maioría do alumnado vive en familias nucleares (pai, nai e fillos).

En canto á situación académica do centro, o nivel de superación da etapa e promoción á Educación Primaria é do 100% nestes últimos anos.

CONTRIBUCIÓN DO PD NOUTROS PLANS E PROXECTOS DE CENTRO

A Educación é un recurso chave para asegurar a igualdade social, a promoción das persoas e máis xenericamente a mellora das condicións de vida de comunidades e persoas. Así pois, a Estratexia Europa 2020 recoñece a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garanta a adquisición de competencias dixitais, que á súa vez permitan aproveitar as oportunidades. De aquí a necesidade da contribución do Proxecto Dixital de Centro noutros plans e proxectos do centro. Este terá unha gran repercusión, posto que os obxectivos anuais e trimestrais que se propoñen no mesmo deberán reflectirse tamén nas actividades levadas a cabo ao longo do curso, as cales se recollen nos diversos documentos. Ademais, todos eses obxectivos deben ir en consonancia cos obxectivos do centro e os principios do mesmo recollidos no Proxecto Educativo.

CONTRIBUCIÓN DO PD NA PXA DO CURSO 2022/2023

O centro incorporará o Plan Dixital os documentos oficiais, contribuíndo a que a Programación Xeral Anual do curso 2022/23 se recolla como un dos seus obxectivos o fomento do uso das novas tecnoloxías, dotando o alumnado da capacidade de utilizalas e de aprender a través delas. Este obxectivo favorece, a un tempo, a consecución dunha formación integral do alumnado, finalidade mesma da educación.

Así, na PXA recolleranse actividades que fomenten o uso das tecnoloxías, como poden ser a realización da asemblea a través do genially utilizando o encerado dixital, as propostas de actividades co Makey-makey, a consulta de libros a través de plataformas dixitais,

propostas interactivas diarias, actividades de iniciación á robótica e programación, ou o mantemento e actualización da páxina web do centro e do blog na plataforma Agueiro, etc.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Tendo en conta as orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), a Consellería de Cultura, Educación e Universidade persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación; o cal leva consigo un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa, que se deberá recoller nun Plan Dixital de Centro (en adiante, PDC).

O PDC é un instrumento de planificación que debe estar integrado no Proxecto Educativo, segundo recolle a LOM-LOE no seu artigo único. Modificación da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, punto 62, apartado 1: “o proxecto educativo do centro recollerá asimesmo a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis5”, co fin de desenvolver a competencia dixital da comunidade educativa, ,promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos educativos dixitais.

Este plan debe elaborarse coa participación de todos os sectores da comunidade educativa, de modo que se convirta nun proxecto compartido. Do mesmo modo, conforme á disposición adicional décima da mencionada lei, o Plan de Continxencia para situacións de emerxencia conterà as medidas que garanticen a competencia dixital do alumnado e profesorado, reducindo no posible as fendas dixitais de acceso e uso, e as previsións para a revisión dos elementos do currículo e das programacións didácticas centradas nos aspectos máis competenciais do mesmo.

Durante o curso 2021/22 cada centro elaborará o seu PDC, seguindo as instrucións que se diten, tal e como recolle a resolución do 17 de xuño do 2021 na súa disposición adicional quinta da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional; así como na resolución do 18 de xuño de 2021 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021/22.

Por último, neste apartado da xustificación legislativa, cabe citar a resolución do 3 de setembro do 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se

ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021/22.

1.4. Proceso de elaboración

No mes de novembro de 2021, a Xunta de Galicia pon en marcha a Rede DixitalGal, constituindo equipos de apoio dixital aos centros (ADIX). Cada equipo está formado por 3 mentores que serán os encargados de apoiar os centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, no deseño, elaboración, dinamización e desenvolvemento do seu Plan Dixital.

Para levar a cabo o proceso de elaboración do PDC foi necesario crear un equipo dentro de cada centro, asignando un coordinador ou coordinadora para o mesmo. Dado que esta é unha Escola de Educación Infantil, e polo tanto ten unha unidade, neste caso o equipo está formado pola maestra titora e as especialistas de relixión e lingua estranxeira, sendo a titora a coordinadora de dito equipo. Pódese dicir, por tanto, que todo o proceso de elaboración do plan resultou sinxelo dado que recae a responsabilidade nunha persoa.

Así pois, o proceso de elaboración do PDC pasou por diversas fases, cuxos resultados se reflectirán nos vindeiros apartados do presente documento. As fases foron as seguintes:

- Fase I: análise e diagnose da situación dos centros. Nesta fase, levada a cabo entre os meses de novembro e marzo, desenvolvéronse tarefas como a elaboración do informe SELFIE e a análise dos seus resultados, o informe grupal do test de competencia dixital e a elaboración dunha análise DAFO tendo en conta os resultados dos informes realizados.
- Fase II: deseño e elaboración do plan dixital. Esta fase comezou a levarse a cabo en marzo, unha vez feita a análise DAFO da situación dixital do centro. A partir desta, establecéronse uns obxectivos para o Plan de Acción. Estes obxectivos son os que orientarán o noso Plan Dixital, polo tanto deben ser específicos, medibles, acadables, relevantes e realizables no tempo. Unha vez elaboradas as táboas cos obxectivos propostos para o curso 2022/23 procédese ao desenvolvemento e redación do PDC, que se reflecte no presente documento.
- Fase III: implementación, seguimento e avaliación do plan dixital. Aínda que o PDC debe ser elaborado no presente curso 2021/22, a implementación do mesmo levarase a cabo no vindeiro curso 2022/23. En canto ao seguimento e avaliación do mesmo, este debe

ser un proceso continuo de observación e mellora para poder acadar os obxectivos propostos no plan.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A EEI do Rial é unha escola rural que se ubica nun edificio compartido coa Asociación de Veciños de Laraño. Así, por tratarse dunha Escola de Educación Infantil dunha única unidade tan só conta cun aula, na cal contamos coa seguinte infraestrutura dixital:

- Un encerado dixital adquirido novo neste curso 2021/2022, cun pequeno defecto no audio pendente de solucionar.
- Dous ordenadores portátiles, dos cales un funciona perfectamente dado que foi cedido pola UAC tamén neste curso 2021/2022. O outro está obsoleto, polo tanto está gardado para emerxencias.
- Unha boa conexión a Internet, gracias a que neste curso puxeron fibra.
- Dúas impresoras: unha Brother multifunción que imprime en branco e negro e unha HP sinxela para impresións a cor.

En canto aos servizos dixitais educativos, contamos coa páxina web oficial da escola (<https://www.edu.xunta.gal/centros/eeirial/>), na que se comparte, sobre todo, información dos procesos burocráticos de preinscricións e matrículas, xornadas de portas abertas, e outra información importante. Ademais, contamos co blog da escola, creado este ano na plataforma Agueiro (<https://agueiro.edu.xunta.gal/view/view.php?id=68297>), onde se comparte, ao igual que na páxina de Facebook, as fotografías e vídeos das actividades levadas a cabo na escola ao longo do curso.

O mantemento dos equipos informáticos do centro é responsabilidade da mestra titora, a cal asume a dirección da escola. Para resolver dúbidas, obter asesoramento e solventar os posibles problemas contamos coa axuda dos responsables de informática da Unidade de Atención a Centros (UAC).

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A Comisión Europea desenvolveu a ferramenta gratuita de autoavaliación SELFIE, que lles axuda aos centros escolares a integrar

as tecnoloxías dixitais na docencia, a aprendizaxe e a avaliación. Os resultados do SELFIE, tendo en conta as diversas áreas avaliadas e os grupos que participaron, móstranse na táboa que aparece a continuación. É preciso ter en conta que hai algúns datos que non se reflicten, dado que é unha escola de Educación Infantil e o alumnado non pode ser avaliado en todas as áreas que se recollen.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	3				
	Alumnado	2				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	3,7				
	Alumnado	3,3				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,7				
	Profesorado	4,3				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	5				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4,4				
	Profesorado	4,2				
	Alumnado	4,7				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.					
	Profesorado					
	Alumnado					

Ademais do informe SELFIE, realizouse un test de Competencia Dixital Docente (CDD), cuxos resultados se reflicten nas seguintes táboas. Cabe recordar que estamos ante unha escola dunha única aula, polo tanto só a mestra responsable realizou este test.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	0	0	0%
PROVISIONAL	0	0	0%
INTERINO	0	0	0%
SUBSTITUTO	0	0	0%
DESPRAZADO	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
111	Experto/a (B2)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
E.I.	111	Experto/a (B2)	68,2	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2		
B1		
B2	1	100%
C1		
C2		
TOTAL	1	100%

2.3. Análise DAFO

Partindo do informe SELFIE, do Test CDD e outras fontes, como por exemplo a propia observación e avaliación da situación do centro e do profesorado, elaborouse unha análise DAFO. Trátase dunha ferramenta de análise estratéxico, que permite obter unha visión das debilidades e fortalezas a nivel interno, así como das ameazas e oportunidades por parte de factores externos. O DAFO nos permite coñecer a realidade da nosa escola no eido dixital, facilitando así a elaboración das liñas fundamentais do que será o Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. C1. Infraestructura 2. C2. Dispositivos dixitais para o ensino 3. C3. Acceso a Internet 4. C5. Asistencia técnica 5. C7. Protección de datos	1.C8. Dispositivos dixitais para o aprendizaxe
	PERSOAL DOCENTE	1. A3. Novas modalidades de ensino 2. D1. Necesidades de DPC 3. D2. Participación no DPC 4. D3. Intercambio de experiencias 5. E1. Recursos educativos en liña 6. E2. Creación de recursos dixitais	1. B3 Colaboracións 2. F6 Prox. Interdisciplinares

		7. E3. Empleo de EVA 8. E4. Comunicación coa comunidade educativa 9. F1 Adapt. necesidades alumnado 10. F3 Fomento creatividade 11. F4 Motivación alumnado 12. F5 Colaboración alumnado 13. G1 Aval. Capacidades	
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		1.C8. Dispositivos dixitais para o aprendizaxe
	FAMILIAS		
	OFERTA	1. A3. Novas modalidades de ensino	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. A3. Novas modalidades de ensino 2. C5. Asistencia técnica	1. A1. Estratexia dixital 2. B1. Evaluación do progreso

	EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. C1. Infraestructura 2. C2. Dispositivos dixitais para o ensino 3. C3. Acceso a Internet 4. C5. Asistencia técnica 5. A Admón educativa aposta polo PDC 6. Boa oferta formativa	1. Carga burocrática
	LEXISLACIÓN		1. C7. Protección de datos 2. Constante modificación do currículo
	FAMILIAS	1. Dispositivos dixitais na casa 2. Creación AMPA	1. Uso non efectivo das TIC
	CONTORNA	1. O centro goza de boa imaxe no exterior pola ubicación e o método de ensino 2. Facilitade de colaboración con outros centros	
	OUTRAS ENTIDADES	1.B3. Colaboracións 2. C1. Infraestructura 3. Boa oferta formativa 4. Oferta de actividades	
	LABOR DOCENTE	1. Software libre e ferramentas corporativas	1. Falta de tempo 2. Carga burocrática

3. Plan de Acción

A posta en marcha das accións que se levarán a cabo estará supeditada ás necesidades detectadas na enquisa SELFIE, Test CDD, DAFO e á análise dos recursos, tanto materiais como humanos, dispoñibles no centro (segundo a dotación tecnolóxica, a conectividade, as plataformas e servizos dixitais e o mantemento necesario, entre outros), e segundo as

necesidades detectadas. Partindo deste mapa de diagnóstico integral, fixéronse os obxectivos neste plan que serán revisados cada ano.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Tal e como se indicou anteriormente, o DAFO é unha técnica de análise estratéxico que consiste basicamente en organizar a información xerada obtida a partir da análise da situación presente (SELFIE) nunha táboa de dobre entrada que sitúa esta información en función das limitacións (Debilidades e Ameazas) e as potencialidades (Fortalezas e Oportunidades). A través da análise obxectiva desas catro variables (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades) poderemos determinar con exactitude o plan estratéxico máis adecuado para o noso obxectivo.

Para elaborar o mencionado DAFO seguíronse estes pasos:

1º) **Análise/diagnóstico do centro.** Fíxose unha análise interna para valorar tanto as debilidades como as fortalezas; e unha análise externa para valorar as ameazas e oportunidades.

2º) **Confeción da matriz DAFO**

3º) **Determinación da estratexia a empregar**

4º) **Toma de decisións**, para así poder minimizar os puntos débiles e consolidar e potenciar os puntos fortes.

Os obxectivos que nos propoñemos pretendemos seguir o acrónimo SMART (Specific, Measurable, Achievable, Relevant, Time-Bound), é dicir, tratamos de que foran específicos e concretos, medibles, alcanzables, realistas e definidos no tempo. Desde o Equipo de dinamización do Plan Dixital, tendo en conta os recursos cos que conta o centro e as posibilidades e carencias do profesorado, propuxémonos os seguintes obxectivos, centrados sobre todo en introducir a ensinanza dixital en Educación Infantil e promover a divulgación de información sobre a escola en entornos dixitais seguros.

➤ Na área de **“Pedagogía: implementación na aula”**, propónse o seguinte obxectivo:

* *Dinamizar a lectura con tecnoloxía dixital (*F3: fomento da creatividade)*, co cal se pretende facilitar ás familias e ao alumnado recursos dixitais a través da plataforma GaliciaLe, para que teñan igualdade de oportunidades no acceso a recursos literarios, sen necesidade de mercar libros en formato físico.

➤ Na área de “**Pedagogía: recursos e apoios**”, preténdense acadar os seguintes obxectivos:

* *Potenciar o uso da AV en infantil (*E2: Creación de recursos dixitais).*

* *Manter e potenciar o blog da escola a través da plataforma Agueiro (*E3: Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe).*

Con estes dous obxectivos preténdese utilizar recursos dixitais para chegar ás familias e manter o contacto, facilitar recursos, dar visibilidade ás actividades que se fan na escola, promocionar a escola de cara a evitar un posible peche no futuro e publicar determinada información relevante para toda a Comunidade Educativa.

➤ Na área “**Prácticas de avaliación**”, propónse o seguinte obxectivo:

* *Usar a Aula Virtual alo menos unha vez o trimestre para pequenas actividades con avaliación oral (*G3: Retroalimentación adecuada), co cal se pretende facer uso da aula virtual para aproveitar todas as facilidades e oportunidades que esta nos brinda, conseguindo así unha maior motivación no alumnado, con actividades que teñan retroalimentación para que fagan unha avaliación.*

A continuación móstranse as tablas con estes obxectivos propostos de cara ao curso 2022/23, con todas as especificacións a ter en conta sobre as persoas responsables, a temporalización e os recursos necesarios.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: F. Pedagogía: implementación na aula						
1. OBXECTIVO (1):	Dinamizar a lectura con tecnoloxía dixital (*F3: Fomento da creatividade)				Acadado	
RESPONSABLE:	Titora				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Uso da plataforma dixital GaliciaLe					
Valor de partida (3)	0 Libros lidos na plataforma GaliciaLe					
Valor previsto e data (4)	10 Libros lidos na plataforma GaliciaLe			Curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear usuarios a través dunha biblioteca pública	Dirección Familias	Setembro	Internet Correo electrónico Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Elexir un libro entre todos para ler e traballar na aula	Titora	Todo o curso	Internet Pizarra Dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Facer actividade na pizarra dixital a partir do conto	Titora	Todo o curso	Internet Pizarra Dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Compromiso por	Titora Familias	Todo o curso	Internet Pc ou Tablet		Realizada	

parte das familia de lectura de 3 contos trimestrais					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: E. Pedagogía: Apoios e recursos

2. OBXECTIVO (1):	Potenciar o uso da AV en infantil (*E2: Creación de recursos dixitais)	Acadado	
RESPONSABLE:	Titora	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Incrementar o número de familias que visitan a AV do centro		
Valor de partida (3)	Non aplica (sen datos previos)		
Valor previsto e data (4)	75% das familias usa a AV	Curso 2022-2023	

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1:Elaborar un manual para enviar as familias vía e-mail sobre o uso da AV do centro	Dirección	1º Trimestre	Internet Correo electrónico Pc		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2:Facer un curso sobre as ferramentas e posibilidades da AV	Dirección	1º Trimestre	Internet Pc		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3:Organizar a AV como lugar de subida de videos, fotos e actividades.	Titora	Todo o curso	Internet Pc Camára de fotos ou video		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Áreas de mellora”: G. Prácticas de Avaliación						
3. OBXECTIVO (1):	Usar a Aula Virtual alo menos unha vez o trimestre para pequenas actividades con avaliación oral (*G3: <i>Retroalimentación adecuada</i>)				Acadado	
RESPONSABLE:	Titora				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Facer actividades adaptadas a Educación infantil con retroalimentación oral					
Valor de partida (3)	0 Actividades realizadas					
Valor previsto e data (4)	3 Actividades realizadas por trimestre			Curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1:Matricular o alumnado na AV	Titora	Setembro	Internet Pc Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2:Crear actividades de diferente tipoloxía aproveitando os recursos da AV, adaptadas a EI con retroalimentación oral	Titora	Todo o curso	Internet Pc Aula Virtual Banco de imáxenes		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3:Avaliación oral das actividades tipo.	Titora	Todo o curso	Internet Pc Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: E. Pedagogía: Apoios e recursos						
4. OBXECTIVO (1):	Manter e potenciar o blog da escola a través da plataforma Agueiro (*E3: <i>Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe</i>)				Acadado	
RESPONSABLE:	Titora				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Incrementar o número de familias que visitan o blog da escola					
Valor de partida (3)	25% das familias visitan o blog da escola					
Valor previsto e data (4)	100% das familias visitan o blog da escola			Curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1:Elaborar un manual para enviar as familias vía e-mail sobre o funcionamento do blog	Dirección	1º Trimestre	Internet Correo electrónico Pc		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2:Facer un curso sobre as ferramentas e posibilidades de Agueiro	Dirección	1º Trimestre	Internet Pc		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3:Organización de Agueiro como lugar de subida de videos, fotos e actividades.	Titora	Todo o curso	Internet Pc Camára de fotos ou video		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Tendo en conta o Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020, aprobado o 21 de abril do 2016, é necesario avanzar na alfabetización da autonomía dixital, impulsando un novo modelo de inclusión dixital, que integre as accións para a alfabetización dixital con outras que permitan a calquera persoa, independentemente do nivel dixital no que se atope, avanzar, madurar e acceder a maiores niveis de coñecemento e uso das tecnoloxías, camiñando cara a innovación social dixital.

Por iso, para poder acadar os obxectivos propostos, ademais de recursos humanos e temporais (tempo dispoñible para levar a cabo as accións), son necesarias unha serie de infraestruturas tecnolóxicas, coas cales algunhas si conta a escola, mais hai outras que sería necesario adquirir.

En primeiro lugar, será necesario un ordenador portátil, un video proxector e un encerado dixital, os cales se conseguiron novos na escola no pasado curso 2021-22 para substituír os anteriores que estaban obsoletos ou danados. Ademais, no pasado curso conseguiuase unha estabilidade na conexión a internet gracias á instalación da fibra óptica, o cal facilita moito a labor no centro de cara ao uso das tecnoloxías. Partindo desta base, é necesario dispoñer de acceso a plataformas como Agueiro, a web do centro ou unha aula virtual aberta, para así poder levar a cabo o noso plan de acción, ferramentas que actualmente están dispoñibles.

Doutra banda, existen certos recursos que mellorarían notablemente o desempeño da labor docente de cara a conseguir os obxectivos propostos, como poden ser varias Tablets para que o alumnado poida utilizar, nun primeiro momento de forma guiada, e despois autónomamente para facer os préstamos dos libros, para realizar actividades con retroalimentación ou para poder investigar e buscar información sobre os proxectos traballados na aula.

4. Avaliación do plan

A actualización periódica e constante dos contidos e dos recursos informáticos dispoñibles é totalmente necesaria dada a velocidade de cambios que sufren aplicacións, ferramentas ou dispositivos. Por isto, cada trimestre avaliarase o estado de execución das accións e tamén analizaranse e valoraranse os resultados obtidos e, de ser o caso, proporanse modificacións das accións e as propostas de mellora,

para axustar á realidade todos os factores indicados anteriormente que están en permanente evolución.

Anualmente farase unha valoración, seguimento e revisión da integración das tecnoloxías dixitais no ensino/aprendizaxe no centro; avaliando o grao de consecución dos obxectivos propostos no presente Plan e a adecuación das actividades realizadas. Terase en conta as aportacións dos equipos docentes interniveis e as propostas de mellora aportadas, que servirán como punto de partida para a actualización do Plan de cara o curso seguinte.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital de Centro, procederase a darlle a maior difusión entre a comunidade educativa utilizando para este fin a páxina web do centro e o correo electrónico corporativo, sen prexuízo de facer un claustro monográfico a principios de curso para promover e resaltar a importancia da colaboración da comunidade educativa no desenvolvemento do Plan Dixital de Centro.

Asemade este debandito Plan formará parte da documentación oficial do centro; é dicir, do Proxecto Educativo, do Proxecto de dirección e da Programación Xeral Anual (PXA).